

POLÍTICA DA CALIDADE

A Federación Galega de Danos Cerebral (Danos Cerebral Galicia) é unha organización non gobernamental, privada sen ánimo de lucro, independente, apartidista e aconfesional, comprometida cos dereitos das persoas con danos cerebrais. Nace no ano 2007, agrupando ás cinco asociacións galegas de danos cerebrais: ADACECO en Coruña, ADACE en Lugo, DCA Ourense, Alento en Vigo e Sarela en Santiago de Compostela.

Misión

A Federación Galega de Danos Cerebral é a entidade social que une, dinamiza e representa o movemento asociativo do danos cerebral en Galicia, cuxo obxectivo é desenvolver a acción social, institucional e técnica para acadar a autonomía e a mellora da calidade de vida das persoas con danos cerebral e das súas familias.

Visión

A Federación Galega de Danos Cerebral representa a un movemento asociativo consolidado, forte e cohesionado que traballa para visibilizar o danos cerebral e situalo na axenda social de Galicia, na perspectiva de seguir mellorando o seu coñecemento, achegar ás persoas con danos cerebral e as súas familias un óptimo acceso aos recursos e facilitarlles o pleno exercicio dos seus dereitos de cidadanía.

A labor da fundación, desenvólvese a través de cinco ámbitos de actuación principais:

- i. Apoio e asistencia ás entidades federadas e ás familias de persoas con danos cerebral.
- ii. Información, sensibilización, divulgación e investigación sobre o danos cerebral.
- iii. Intervención e desenvolvemento de programas e proxectos dirixidos ás entidades federadas, ás persoas con danos cerebral e ás súas familias.
- iv. Captación de fondos.
- v. Representatividade e incidencia política.

Valores

ORIENTADOS Á ORGANIZACIÓN

Unidade	Traballamos dende a unidade. Entendémola como o desenvolvemento de accións e toma de decisións de forma consensual e comprometida por parte de todas as entidades que conforman a Federación Galega de Danos Cerebral. Accións e decisións para a defensa dos dereitos das persoas DCA e as súas familias.
Participación	A participación de todas as persoas que conforman a Federación Galega de Danos Cerebral considéramola fundamental para fortalecer o movemento asociativo do danos cerebral adquirido en Galicia. Participación interna e externa activa, en e coas entidades coas que se teñan fins similares aos reflectidos na nosa misión.
Profesionalidade	As decisións técnicas serán rigorosas e fundamentadas obxectivamente, sustentadas por criterios baseados nunha ética profesional que responda á misión da entidade.

ORIENTADOS ÁS PERSOAS

Solidariedade Coas persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias nas súas reivindicacións por unha atención axeitada e unha sociedade máis inclusiva.

Integralidade Como unha forma de intervención que pretende abordar o global do problema das persoas con dano cerebral adquirido, o seu contexto persoal, familiar, social e laboral.

ORIENTADOS Á SOCIEDADE EN XERAL

Transparencia Entendemos a transparencia como un exercicio de responsabilidade ante as nosas entidades sociais, persoas e entidades colaboradoras, voluntariado, e demais grupos de interese e sociedade en xeral.

Reinvindicación Como acción para a promoción e consecución dos dereitos e acceso efectivo das persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias en particular, e do colectivo con discapacidade e outros colectivos vulnerables en xeral.

Neste contexto, a Federación Galega de Dano Cerebral desexa manifestar o seu compromiso de mellorar de xeito continuado os servizos prestados, e con esta intención implanta un sistema de xestión da calidade conforme aos requisitos da norma UNE EN ISO 9001 e define a súa política de calidade, que serve como marco de referencia para o establecemento dos obxectivos de calidade da federación, en liña co seu plan estratéxico, e recolle o seu compromiso en relación ao cumprimento de todos os requisitos legais, regulamentarios e outros que lle poidan ser de aplicación.

Esta política de calidade está dispoñible para todas as partes interesadas, fomentándose a súa accesibilidade e difusión a través da páxina Web da Federación. A política é comunicada a todas as persoas traballadoras e membros da Federación, procurando a dirección que esta sexa entendida e aplicada en todos os procesos que se atopan dentro do ámbito de actuación do sistema de xestión da calidade.

D. Luciano Fernández Pintor

PRÉSIDENTE DE FEGADACE



Asinado en Santiago de Compostela a 18 de setembro de 2024